

Arto Paasilinna

Delicioso suicidio en grupo



## PRIMEIRA PARTE

Nesta vida, o máis importante é a morte,  
pero tampouco o é tanto.

(Sabedoría popular)



A inimiga máis poderosa dos finlandeses é a tristura, a melancolía, a apatía sen fin. A mágoa planea sobre este pobo infeliz e, durante miles de anos, apoderouse de todos eles. O resultado foi o desenvolvemento dunha alma grave e sombriza. A congoxa prendeu na xente con tal forza que moitos ven a morte como a única salvación para o seu desacougo. Unha mente escurecida resulta un inimigo máis temíbel ca a Unión Soviética.

Non obstante, os finlandeses son un pobo guerreiro. Non dan o brazo a torcer e revólvense contra o tirano unha vez tras outra.

San Xoán, a festividade da luz e da ledicia do solsticio de verán, é para os finlandeses coma unha loita titánica durante a que realizan un esforzo colectivo para derrotar a mágoa. O pobo enteiro mobilízase: non só os homes, aptos para a guerra, senón tamén as mulleres, os cativos e mais os anciáns traballan na fronte. Prenden enormes cacharelas pagás a carón dos milleiros de lagos para escorrentar a melancolía. Izan nos mastros bandeiras de guerra azuis e brancas. Antes da batalla, cinco millóns de guerreiros finlandeses aliméntanse de graxentas salchichas e costelas de porco á grella. Bimban sen melindres copas de augardente para armarse de valor e, ao son do acordeón, as tropas desfilan para desafiar a depresión e derrotar o seu poder nunha contenda ininterrompida que se prolonga durante toda a noite.

Nos combates corpo a corpo, os sexos opostos atópanse uns cos outros e as mulleres quedan preñadas. Unha

chea de homes afogan en lagos e baías ao tentar atravesalas en lancha. Decenas de miles de persoas caen derrubadas entre os amieiros e as estrugas. O mundo é testemuña dun gran número de feitos heroicos e de sacrificada valentía. A ledicia e a felicidade gañan, a mágoa é expulsada, o pobo goza da súa liberdade cando menos durante unha noite despois de derrotar pola forza a súa tenebrosa opresora.

Chegou o abrente do día de San Xoán na beira do lago Humalajärvi, o «lago da bebedela», na provincia de Häme. Aínda se podía percibir un leve cheirume do combate nocturno, xa que a noite anterior arderan cacharelas en todas as ribeiras. Unha andoriña voaba rasante co peteiro aberto sobre a parte máis larga do lago, na procura de insectos da superficie. O ceo estaba despexado, e non había vento ningún. A xente durmía. Só os paxaros tiñan forzas para cantar.

Un home estaba sentado nas escaleiras da entrada da súa cabana, cunha botella de cervexa sen abrir na man. Tratábase do director Onni Rellonen, un tipo duns cincuenta anos coa faciana máis triste de toda a contorna. El non se atopaba entre os gañadores da contenda nocturna. Sentíase profundamente ferido, e non existía un hospital de campaña onde o seu corazón partido puidese recibir os primeiros auxilios.

Era un home esvelto e de estatura mediana, con orellas bastante grandes e nariz prominente e encarnado na punta. Levaba posta unha camisa de manga curta e un pantalón de pana.

Víase que nalgún momento do pasado puidera albergar unha forza explosiva, mais xa non. Estaba canso, vencido, golpeado pola vida. As engurras do seu rostro e a calva incipiente no cocote eran sinais conmovedores da súa derrota contra a dureza e a brevidade da existencia.

Padecía de acidez estomacal dende había décadas, e baixo as dobras do bandullo comezaba a se lle cocer unha gastrite crónica. As articulacións e a musculatura tíñaas ben, fóra dunha pouca frouxidade, pero o seu corazón estaba cuberto de lardo e custáballe latexar, até o punto de ser máis un lastre para o corpo ca un sustentador da vida. Temía que calquera día se detivese, lle paralizase todo o corpo e deixase o seu dono sen o fluído da vida, precipitándose á morte. Sería unha triste recompensa dunha víscera sometida a demasiada tensión para un home que confiara no seu corazón dende que era un feto. Se descansase aínda que só fose durante cen latexos, para coller folgos, todo acabaría. Nada significarían daquela os miles de millóns de latexos que dera até o momento. Así é a morte. Miles de finlandeses experimentana cada ano. Ningún regresa para contar como se sente unha vez finado.

Na primavera, Rellonen comezara a pintar as paredes exteriores escunchadas da súa cabana, mais a angueira quedáralle a medias. O bote de pintura repousaba a carón do alicerzado da pedra coa brocha endurecida sobre a tapa do recipiente.

Era un home de negocios, e tamén había quen lle chamaba director. Sobre as costas acumulaba varios anos de actividade frenética, de éxitos formidábeis no comezo, postos de responsabilidade na pequena industria, un feixe de subordinados, contabilidades, cartos e negocios. Traballara como contratista e, nos anos sesenta, mesmo fora propietario dunha pequena fábrica de chapa de ferro. No entanto, uns ciclos económicos desfavorábeis e rivais cobizosos empuxaran a Cubertas de Chapa Rellonen S. A. á quebra, e aquela non foi a derradeira. Incluso houbo sospeitas de delito fiscal. Ultimamente montara unha lavandaría. Tampouco era rendíbel: todas as familias finlandesas

tiñan a súa propia lavadora, e ás que non a tiñan tampouco lles interesaba lavar a roupa. Os grandes hotéis e mais os transbordadores que ían a Suecia tampouco lle querían dar traballo, e as grandes cadeas nacionais de lavado case sempre acababan levando as encargas que Onni estaba a piques de conseguir, pois era algo que decidían persoeiros importantes en gabinetes privados. A quebra golpeáralo en primavera, e dende entón sumírase nunha profunda depresión.

Os fillos de Onni eran adultos. O seu matrimonio facía auga. Se algunha vez se esforzaba en planificar un novo futuro cheo de ilusión perante a súa esposa, ela nin trataba de apoialo.

—Ehem.

O comentario da muller paralizábao. Nin se opuña nin alentaba, nada. A súa vida era un desastre, sobre todo a empresarial.

Levaba a remoer en pensamentos suicidas dende o inverno. Non era a primeira vez. Xa noutras ocasións se lle esgotara a gana de vivir. Agora, máis unha vez, a depresión volvera converter unha agresividade saudábel en ideas autodestrutivas. Puidera acabar coa súa vida xa en primavera, cando a quebra da lavandaría, mais por algunha razón non atopara forzas nin para aquilo.

Era o San Xoán. A súa muller estaba na cidade, pois dixéralle que non lle apetecía estragar a festa do solsticio no monte en compañía dun home amoucado. A véspera fora solitaria e sen fogueira, sen compañía, sen futuro, cousa que ao pobre home non o aledaba en absoluto.

Pousou a botella de cervexa na escaleira e entrou na cabana. Remexeu no caixón da mesa de noite até atopar unha pistola, cargouna e meteuna no peto do pantalón de pana.



«A ver se arranxamos isto dun raio dunha vez», pensou, melancólico pero decidido.

Por primeira vez dende había moito sentía que ía emprender algo de verdade, que lles ía dar un empuxón ás cousas. Era hora de poñerlle un punto á súa insulsa existencia, un gran punto á vida enteira, un signo de exclamación realmente explosivo.

Internouse na paisaxe rural de Häme, acompañado polo canto dos paxaros, e foi vagando polas pistas veciñais. Pasou por diante da cabana máis próxima, atravesou cultivos, camiñou pola beira dun malladoiro, unha corte de vacas e unha granxa. Alén dun pequeno anaco de monte estendíase ante os seus ollos un novo campo. Lembrou que no lindeiro do bosque había unha vella pallota escangallada para gardar a herba seca. Ben podía pegarse un tiro alá dentro. Sería un lugar tranquilo e un marco acaído para pór fin aos seus días.

Quizais debera deixar unha carta de despedida na mesa da cabana? Que había escribir nela? «Adeus, queridos fillos. Espero que vos amañades sós, que papá xa tomou a súa decisión? Muller, non me censure»...?

Imaxinaba a reacción da súa esposa ao ler a despedida. Talvez comentaría:

–Ehem.

O campo recendía a plantas verdes e vizosas. O propietario cortara a herba o día anterior. Os gandeiros víanse obrigados a traballar mesmo na véspera do san Xoán, pois as vacas tiñan que comer. Os abellóns zoaban, as andoriñas trilaban enriba do tellado da vella pallota. Dende o lago chegaba o grallar das gaivotas. Onni Rellonen dirixíase a paso firme e co corazón xeado cara á vella edificación gris que agora só servía como escenario para o remate dunha vida. Estaba cada vez estaba máis preto, chegaba demasia-

do pronto, a vida comezaba a rematar máis axiña do que el pensara.

Non foi quen de entrar directamente pola porta dobre que o agardaba aberta de pau a pau, negra coma a boca do inferno. De xeito inconsciente, decidiu prolongar un pouco a vida arrodeando a edificación, como un animal ferido que asegura o seu lugar de descanso definitivo. Botou unha ollada ao interior por unha fenda entre os troncos podres da parede, e sentiu un arreguizo. Porén, a decisión estaba tomada: debía rodear a pallota, debía entrar para que a morte o abrazase, debía disparar a arma. Un pequeno movemento sobre o gatillo, a última transacción e o saldo quedaría a cero, o derradeiro balance da vida e da morte. Un calafrió percorreulle o espiñado.

Pero había alguén dentro da pallota! Entre os troncos albiscábase algo gris e oíase un gruñido. Un cervo, quizais? Unha persoa? O corazón canso deulle un chouto de felicidade. Un non se podía matar nunha pallota onde había un animal ou, no mellor dos casos, unha persoa. Non, ho! Non sería elegante.

Resultou ser unha persoa, un tipo de grande estatura vestido cun uniforme militar gris. Gabeara por unha morea de estacas longas e afiadas que os granxeiros usaban para chantar na terra e secar a herba nelas, e estaba atando unha corda de nailon azul na trabe que sustentaba o teito. Finalmente, a corda quedou ben firme.

O tipo estaba de perfil con respecto ao suicida Rellonen, que esculcaba a escena dende o exterior. Polos rebertes dourados que adornaban a costura lateral do pantalón, deduciu que se trataba dun oficial. A chaqueta militar estaba aberta, os galóns lucían tres estrelas: un coronel.

Ao principio non entendeu que podería estar a facer un coronel nunha vella pallota a mañá do día de san Xoán.

Por que estaba a atar unha soga de nailon nunha trabe? Pero non tardou en comprendelo. O militar púxose a facer un lazo no outro extremo da corda, que esvaraba, como adoita pasar con ese material, así que lle resultaba difícil facer un nó en condicións. Bufaba polo baixo, talvez maldicía. Tremíanlle as pernas enriba da morea de estacas, e notábase nas perneiras do pantalón, que se sacudían. Á fin conseguiu facer un lazo decente e meteu por el a cabeza, que levaba descuberta. Un militar sen gorra non era unha cousa moi alá, claro que, se se estaba suicidando... «Deus, que pequeno é o mundo!», pensou Onni Rellonen. «Que dous finlandeses se metan na mesma pallota á mesma hora e para cometer a mesma barbaridade...»

O director buliu até a porta da choza e gritoulle ao coronel:

—Pare, home! Pare, coronel!

O coronel levou un susto de morte. Perdeu o equilibrio, a soga tensóuselle arredor do pescozo, ficou pendurado dela entre espasmos e acabaría morto se non estivese alí Onni Rellonen. Pero este colleuno nos brazos, afrouxou a corda e comezou a darlle palmadas nas costas. O oficial suicida tiña a faciana azul e cuberta de suor, pois a corda estranguláralo con forza. Rellonen afrouxouna máis para sacarlle do pescozo e levou o pobre coitado até a soleira. O home respiraba fondo e apertaba o pescozo coa man. Tiña unha rozadura vermella. Estivera a piques de deixar este mundo.

Quedaron sentados un minuto sen dicir un chío. Logo o coronel púxose de pé e estricou a man para presentarse:

—Kemppainen, coronel Hermanni Kemppainen.

—Onni Rellonen, encantado de coñecelo.

O coronel dixo que el moi encantado non estaba. Os acontecementos foran máis ben tristes, e esperaba que o seu salvador non lle contase a ninguén o sucedido.

–Non se aquele. Son cousas que pasan –dixo Rellonen–. En realidade eu estaba alí para facer o mesmo –engadiu, e sacou o revólver. O coronel mirou para a arma cargada durante un bo anaco até que caeu na conta. Non estaba só neste mundo.